BASES OPERARIO DE SERVIZOS CONCELHO DA MEZQUITA



Se logo de transcorrer o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o citado acordo.

Coles, 25 de maio de 2022. O alcalde.

Asdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.

---

*Una vez aprobado inicialmente el expediente de modificación del presupuesto municipal mediante suplemento de créditos, financiados con cargo al remanente líquido de tesorería (exp. 171/2022), por acuerdo del Pleno del día de 20 de mayo de 2022, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1 por remisión del 177.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete a información pública por el plazo de quince días, contado desde el día siguiente al de publicación del presente anuncio en este Boletín Oficial de la Provincia.*

*Durante dicho plazo podrá ser examinado por cualquier interesado en las dependencias municipales para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes. Asimismo, estará a disposición de los interesados en la sede electrónica de este Ayuntamiento [http://concellodecoles.sedelectronica.gal].*

*Si una vez transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará definitivamente aprobado el citado acuerdo.*

*Coles, 25 de mayo de 2022. El alcalde.*

*Fdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.*

*R. 1.210*

---

## A Mezquita

Logo de aprobar por Resolución da Alcaldía número 2022 0083, con data 2 de xuño 2022, as bases e a convocatoria para a selección en réxime de interinidade por concurso para cubrir a praza de operario de servizos básicos municipais vacante neste concello. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de cinco días hábiles por razóns de urxencia, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Bases reguladoras que rexerán a convocatoria

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto destas bases a cobertura da vacante da praza de operario de servizos básicos municipais do persoal funcionario desta Corporación con carácter de interinidade dado que concorren as seguintes razóns: prazas vacantes por xubilación que se produzan, cuxas características son:

Grupo: C

Subgrupo: C 2

Escala: Persoal de oficios

Denominación: Operario de servizos básicos municipais

Núm. de vacantes: 1

Funcións encomendadas: Atención servizos básicos municipais

Sistema de selección: Concurso

Segunda. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte no proceso de selección, será necesario:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela

c) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao mesmo grupo profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Terceira. Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes (anexo I), polas que se requira tomar parte no correspondente proceso selectivo, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas bases xerais que se achegan a este expediente para a praza que se opte, dirixiranse ao alcalde do Concello e presentaranse no rexistro electrónico xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste concello e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 3 días, pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste concello e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de 3 días hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 2 días hábiles desde a finalización do prazo para a presentación. Logo de transcorrer o devandito prazo sen que se ditase resolución ningunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Unha vez vistas as alegacións presentadas, por resolución da Alcaldía aprobarase definitivamente a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste concello.

Os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o tribunal e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización do proceso, exporanse nos

BASES OPERARIO DE SERVIZOS CONCELHO DA MEZQUITA



locais onde se realizou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando a dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Quinta. Tribunal Cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva. Os órganos de selección constituiranse en cada convocatoria.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que se poida ostentar esta en representación ou por conta de ninguén.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A composición do tribunal cualificador é a seguinte:

Cargo: Identidade

Presidente: Francisco García Suárez, secretario interventor

Vogal: Javier Cebrián Casado, técnico de administración xeral

Vogal: Francisca Estévez Diéguez, administrativa

Secretaria: María Valeria Rodríguez Alonso, técnica ADL

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade da baremación de méritos e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sexta. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

Procedemento de selección: concurso

Méritos computables:

a) Formación, ata un máximo de 2 puntos:

Por cursos relacionados cos servizos básicos municipais de abastecemento de auga, pavimentación de vías publicas ou limpeza viaria cun mínimo de 50 horas: 1 punto por cada curso de 50 horas ata o máximo de 2 puntos

b) Experiencia ata un máximo de 6 puntos

Por prestar servizos na Administración pública en postos de traballo que garden similitude co contido técnico e especialización da praza convocada: 1 punto por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 4 puntos.

Por prestar servizos similares na empresa privada: 0,1 puntos por ano ou fracción superior a 6 meses, ata un máximo de 2 puntos.

c) Outros:

Por acreditar a realización de traballos municipais en servizos complementarios tales como decoración de Nadal, feiras de artesanía e similares: Ata un máximo de 1 punto.

En caso de empate estarase ao disposto no artigo 44 do Real decreto 364/1995 do 10 de marzo.

Sétima. Requisitos Lingüísticos

Para cumprir coa lexislación sobre a normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, incluirase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega, de conformidade coa normativa vixente, que se cualificará ata un máximo de 1 punto.

Oitava. Cualificación

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

Novena. Relación de aprobados, acreditación de requisitos esixidos e nomeamento

Unha vez terminada a baremación, os tribunais publicarán a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste concello. Precísase que o número de propostos non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas, relación que se remitirá á Alcaldía.

O aspirante proposto acreditará diante da Administración, dentro do prazo de cinco días hábiles dende a publicación de relación de aprobados na sede electrónica, que reúne os requisitos da convocatoria. O nomeamento publicarase na sede electrónica do Concello.

Décima. Finalización da relación de interinidade

O cesamento do persoal funcionario interino, en virtude do disposto no artigo 24.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, producirase ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

b) Amortización do posto que ocupe.

c) Adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira.

d) Transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento.

e) Incumprimento sobrevido dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.

Décimo primeira. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa aplicable.

Décimo segunda. Incidencias

Estas bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica na Coruña, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Diario Oficial de Galicia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei

BASES OPERARIO DE SERVIZOS CONCELHO DA MEZQUITA



7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste concello.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica na Coruña, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

A Mezquita, 3 xuño 2022. O alcalde.

Asdo.: Rafael Pérez Vázquez.

---

*Una vez aprobadas por Resolución de la Alcaldía número. 2022 0083, con fecha 2 de junio de 2022, las bases y la convocatoria para la selección en régimen de interinidad por concurso para cubrir la plaza de operario de servicios básicos municipales vacante en este ayuntamiento. Se abre el plazo de presentación de solicitudes, que será de cinco días hábiles por razones de urgencia, contado desde el día siguiente a la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial da Provincia.*

*Bases reguladoras que regirán la convocatoria*

*Primera. Objeto de la Convocatoria*

*Es objeto de las presentes bases la cobertura de la vacante de la plaza de personal de oficios, de la plantilla de personal funcionario de esta Corporación con carácter de interinidad, dado que concurren las siguientes razones:*

*Plazas vacantes por jubilación que se produzcan, cuyas características son:*

*Grupo: C*

*Subgrupo: C 2*

*Escala: Personal de oficios*

*Subescala:*

*Clase:*

*Denominación: Operario servicios básicos municipales.*

*Nº de vacantes: 1*

*Funciones encomendadas: Atención servicios básicos municipales*

*Sistema de selección: Concurso*

*Segunda. Condiciones de admisión de aspirantes*

*Para formar parte en el proceso de selección, será necesario:*

*a) Tener nacionalidad española o alguna otra que, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 52 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del Empleo Público de Galicia, permita el acceso al empleo público.*

*b) Estar en posesión de la titulación exigida o estar en condiciones de obtenerla*

*c) No haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de ninguna Administración pública o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni hallarse en la situación de inhabilitación absoluta o especial para el desempeño de empleos o cargos públicos por resolución judicial, cuando se tratara de acceder al cuerpo o escala de personal funcionario del que la persona hubiera sido separada o inhabilitada.*

*En el caso del personal laboral, no haber sido despedido mediante expediente disciplinario de ninguna Administración pública o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni hallarse en la situación de inhabilitación absoluta o especial para el desempeño de empleos o cargos públicos por resolución judicial, cuando se tratara de acceder al mismo grupo profesional a la que se pertenecía.*

*En el caso de nacionales de otros estados, no estar inhabilitado o en situación equivalente, ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida en el Estado de procedencia el acceso al empleo público en los términos anteriores.*

*d) Tener cumplidos los 16 años y no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa.*

*e) Poseer las capacidades y aptitudes físicas y psíquicas que sean necesarias para el desempeño de las correspondientes funciones o tareas.*

*Tercera. Forma y plazo de presentación de instancias*

*Las solicitudes (anexo I), por las que se requerirá tomar parte en el correspondiente proceso selectivo, en las que los aspirantes harán constar que reúnen las condiciones exigidas en las bases generales que se adjuntan a este expediente para la plaza que se opte, se dirigirán al alcalde del Ayuntamiento y se presentarán en el registro electrónico general de este Ayuntamiento o en alguno de los lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en el plazo de diez días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del anuncio de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.*

*Asimismo, las bases de la convocatoria se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia, y en la sede electrónica de este Ayuntamiento y, en su caso, en el tablón de anuncios, para mayor difusión.*

*Los datos personales incluidos en la solicitud de participación serán tratados únicamente para la gestión del proceso selectivo y las comunicaciones que deban realizarse. Cuando sea necesario publicar un acto administrativo que contenga datos personales se publicará de la forma que determina la disposición adicional séptima de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. El Ayuntamiento será el responsable del tratamiento de estos datos.*

*Cuarta. Admisión de aspirantes*

*Una vez expirado el plazo de presentación de solicitudes, la Alcaldía dictará resolución en el plazo de tres días, por la que declarará aprobada la lista provisional de admitidos y excluidos. En dicha resolución, que se publicará en la sede electrónica de este Ayuntamiento y, en su caso, en el tablón de anuncios, para mayor difusión, se señalará un plazo de tres días hábiles para que se puedan formular reclamaciones o subsanar los defectos que hayan motivado la exclusión.*

*Las alegaciones presentadas serán resultas en el plazo de 2 días hábiles desde la finalización del plazo para presentación. Después de transcurrir dicho plazo sin que se hubiera dictado resolución alguna, las alegaciones se entenderán desestimadas.*